

¡TERRA A NOSA!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

Volume extraordinario

20 cénts.



M. Lugris Freire

VERSOS DE LOITA

PB C104-3

CB 11033732

Tito

003417

JOYERÍA,
PLATERÍA, RELOJERÍA
Y CASA DE CAMBIO

MONEY EXCHANGE

Manuel Malde

Calle Real, 69

LA CORUÑA

XX. 2427

¡TERRA A NOSA!

Suplemento de EL NOROESTE

Año I | A CRUÑA, 10 Xulio de 1919 | Volume 13


VERSOS DE LOITA

POR

MANUEL LUGRIS FREIRE



Tipografía del NOROESTE - Rua de...



Tipografía d'EL NOROESTE.—Real, 26.—A Cruña

AO LECTOR

SIN pedramos, sin propagandas, sin a axuda das entidades e publicacións obrigadas á lle dare calor ao espallamento d'este folleto, «¡TERRA A NOSA!» pol-o seu valor, pol-o seu propio peso, ábrese camiño por Galicia enteira, e creba trunfalmente a indeferencia que moitos crên eisiste na nosa terra pol-a lectura do galego.

Non nos chama a atención a falla d'axuda dos obrigados nin laiámonos tampouco do seu silencio. Cando fixemos mentes de levare á práctica a publicación de «¡TERRA A NOSA » tivemos por descontado este silencio i esta falla d'axuda. E un mal moi vello en Galicia para o non ter en conta, o de non

apoiar idéias d'outros seian estas ou non benfeitoras para ela.

O galeguismo sentímol-o fondo, moi fondo, máis individual, avarento, euísta. Cada un fillo da antigua Suevia, xugámonos un «leader»; todos queremos sere, e ninguén queremos selo.

A autonomía vive en nós, forte, asoballadora, puxante. Somos autonomistas por natureza; se de feito a non temos colectivamente, levámol-a por dereito persoalmente choída no corazón e no cerebro. Acontécenos o qu'aos avións: un á un, todos voamos; xuntos, en feixe: imposible: estorbámonos os unhos aos outros.


Por eso ao dare á pubricidade «TERRA A NOSA!», soio determinóunos á elo o convencimento do trunfo que tiñamos de conquerire, pol-a sinxela razón de qu'ainda nos atopando xuntos lectores i editores, non andaríamos revoltos, misturados, senón que conservaríamos a nosa indeividualidade, e o vô poderíase efectuar sin nos estorbare os unhos aos outros.

E así imos de trunfo en trunfo. Cò presente volume, comenzamos unha nova serie que daremos aos nosos lectores o máis á miudo que poidamos. Temos ofrecimentos d'orixinaes dos

máis renomados escritores, e á medida qu'os
vaiamos recibindo irémoslles dando pubricidade
pagando d'este xeito o agarimo con que é reci-
bido cada novo volume de «TERRA A
NOSA!». Ademáis, de cando en cando, non
votaremos en esquezno aos nosos finados mes-
tres.

Ofrecemos para cumprir, e canto maior seia
a acolleita qu'atopemos, maiores terán de sere
tamén as nosas dádivas e os nosos esforzos.

OS EDITORES.



LEMBRANZAS

Coutos da miña terra,
Ouh veigas da Mariña,
Penas de Corveiroa,
Negras, grandes, altivas;
Quenlle das estadeas,
Augas da leda ría...
¡Ben vos conozo agora,
Lémbrovos ben aínda,
Neses días de tempos venturosos
Que gardados levei na yalma miña!

Baixo o monte Lixandre
Está a veiga nativa
Onde dos Freires miro
O pazo xa en ruínas...
¡Todo calado, todo
Da morte a imaxe viva,

Levanta no meu peito
Lembranzas moi doridas
D'un pasado d'amor e de ternura
De cando eu tiña nai, fé y-alegría!

Na fin do val fermoso
Do paradiso envidia,
Entre ameneiros vexo
De Sada a linda vila.
O patrio lar quirido
Alí meus ollos miran...

¡Lar por sempre lembrado
¡Miña dóce casiña!

¡Qué recordos dé tempos venturosos
Levantades na yalma dolorida!

Xa canso pol-os anos,
Coas ilusiós perdidas,
C'un mundo de tristuras
Que no meu peito aniñan,
Coas esperanzas mortas
Veño á terra nativa...

Para sanal-a yalma
Que a teño mal ferida...

Veño buscar lembranzas d'outros tempos
Que das fondas soidades me rediman!

Está o fogar valeiro!
Ouh madre quiridiña!
Padre que tanto quixen,
Por quen eu dera a vida...
Diante da nosa casa,
Tempo da fé mais viva,
Quero rezar agora
Unha oración sentida
C'o pensamento en vós, vertendo bágoas
Qu'estas lembranzas dos meus ollos tiran!



A PATRIA

A meu irmán Plácido

—Ai, meu Dios! Vou á morrer
Lonxe da terra nativa
Dóce imán do meu querer...

Soldado, cero da historia,
¡Morrer tan lonxe da terra
Sin lus, sin amor, sin gloria...!

Non caben no pensamento
As saudades feridoras
Que me dan neste momento.

Esta ferida mortal
Dendes da insana manígua
Fíxome vir ao Hospital,

Despois d'andar nunha loita
En que matar me mandaron
Sin ouir razón nin coita.*

«Pol-a patria hai que morrer
Se no Paradiso eterno
Un lugar queredes ter».

Dixo un cacique do pobo
Que d'un pulo solamentes
De crego subeu á lobo;
E roubou o necesario
Pra redimir do servicio
Ao fillo do secretario,

Que segun xente enterada
Eran todos eles lobos
Nados na mesma camada.

Tanto a patria me mentaron
Que coído de min, é cousa
Que os caciques inventaron.

Para lograr d'esta sorte,
Despois de ternos famentos,
Darnos tan cativa morte.

E pol-a patria aquí estou
Triste e probe. Esconsolado,
Morrendo sin gloria vou.

E antes de que me den terra,
Quer• resolvel-a duda
Que hai tempo o meu peito encerra.

¿Qué é a patria? Dimo, Centola,
Ti que eres home moi lido
Que andiveches moito á escola.

—A patria,—díxolle entón
Centola, que era un gallego
Enxebre, de corazón—,

É cousa que comprendin,
Non pol-os libros da escola,
Sinon porque a sinto en min:

É un sentimento sin nome:
Que fai d'un cobarde, un héroe;
Que fai d'un ilota, un home:

Sentimentos esplotados
Por políticos infames
Pra ternos escravizados.

A patria têm seu asento
Na entraña da nosa nai
Que nos deu vida y-alento;

Despois, do berce o lindeiro
É o tamaño que lle damos
No noso pulo primeiro...

Logo esténdese hast'a aldea,
Limbo dos santos amores
De que a yalma temos chea.

A patria, é a terra quirida,
Onde a falar aprendimos,
A' que debemol-a vida;

Onde os nosos pais naceron,
Onde as obrigas agardan
Pol-os fillos que perderon;

Onde están nosos amores,
Onde da yalma poñemos
Os pensamentos mellores...

Onde falan coma nós
Na doce fala gallega
Que en herdo nos deixou Dios...
Onde nunca tivo achego
O pretender aldraxarnos
C'o título de gallego.

¡Nada, Anton, tan santo hai,
Que a patria é a terra querida
Onde naceu nosa nai!

—Gracias, Centola; xa sei
Que a patria é unha cousa santa,
Mais que as santas que adorei.

Sin sabelo eu a sentía
No fondo do pensamento,
Na miña melanconía;
N-un algo que me magoaba,
E que do íntimo do peito
Sempre bágoas arrincaba.

Se por Galicia morrera
A morte bendecería...

¡Por ela cen vidas dera!

E non no meu corazón
Esta saudade levara,
Nin esta doente africión.

¡Patria, Galicia, eu te adoro!
Porque non morro por tí
Pol-a vez primeira choro!

DE NOITE

Baixan as tebras. O arvoredó
Dorme calado en Samoedo
Alumiñado pol-o mar,
Que na ribeira xeme e canta
E hasta as estrelas se levanta
A cántiga de monxe d'eterno relembra.

Ven a saudade ao pensamento
Nas meigas ondas d'un lamento
Que pol-as tebras vai e ven,
E surxe enton a poesía
Como surxira n-outro día
Entre a dourada brétema d'un morno atardecer

Soma da noite pracenteira
Da miña yalma compañeira
Xa vella e cansa de loitar;
Quero vivir no teu espírito
Pois nel s'encontra o infinito
Mellor que nas raiolas do ardente lumiar.

¡Quero vivir na tebra tua!
Pois cando ven da branca lua
A lus de prata á esmorecer
Sobre a paisaxe misteriosa,
Ela desperta a imaxe hermosa
D'unha visión do ceo que nunca ha de volver.
¡Que imparolabre é o pensamento
Da escura noite no momento
En que mais mesto está o tebron!
A lus d'un verme escentílea,
Coma un lucéiro parpadea,
E cal forte xigante latexa o corazón!



O ALALÁ DO MAR

Recolle da vela as drizas,
e leva na man a escota...
¡olla que van cara ao sul
buscando terra as gaivotas!

¡Hala! ¡hala! mariñeiro,
o vendaval ven da terra...
mentras có mar negro loitas
unha moza por ti reza...

A mareira brua... brua...
o vento zoa que zoa;
no fondo do mar escuro
a morte vai ser tua noiva.

¡O vento sigue zoando!
¡A lancha xa está perdida!

.....
Aló, lonxe, entre o arvoredo
Chora unha pobre mociña!


A UN GAITEIRO

Neto do enxebre e valente gaiteiro
Que hachóu nas Mariñas
Leda inspiración,
Dime que notas salen do punteiro
Que tan mal resoan
No meu corazón.

¿ Por qué no fol d'esa gaita s'encerra
De mouros e chulos
Salvaxe cantar?

¿ Por qué esquencichel-os sons d'esta terra
Que os prácidos ceos
Facían lembrar?

¡ Neto do enxebre e valente Marzoa!
Toca nesa gaita
Da patria as cancións;
Toca a cantiga que tan ben resoa,
Dos fillos da Suevia
Nos seus corazóns..!



A UN GANTEIRO

XUDAS

Queixada, d'orangutan;
eslombado, feo e pálido
coma un vello sancristan...

Garda dentro da envoltura
un corazón todo envexa,
e un alma todo negrura.

A Curros chantoulle o dente,
á Murguía persigueuno
con saña de can doente...

De gallego fai pregon.
¡Tamen, tamen son gallegas
as cóbregas do Mourón!

IFANATISMO!

I
¡Todo nel está morto! Da lira
As dóces estrofas pra sempre fuxiron,
Como fuxen nas tardes d'outono
As prácidas pombas dos seus mornos niños...

Non ten o poeta
O tenro agarimo
Pr'os que co'el soñaron
Nos altos destinos
Da terra irredenta,
Do lar bendecido.
¿Qué pasou ao inspirado poeta,
Que xa da irmandade perdeu o cariño?

II

Negros corvos das vellas ideas
Que tran d'outros tempos o bafo maldito,
No seu peito aniñaron, na noite
Que da libertade perdeu os instintos...

¡Adios, poesía!
¡Adios, agarimos!
¡Adios, a irmandade
Que outr' hora viviron
Na céltica lira
Dos cantos sentidos...
¡Todo nel s'abafou cò veneno
Que bebeu no mortal fanatismo!

MIÑA TERRA!

Terra nativa da Mariña
onde pasei a infancia miña,
que nunca borrar puiden do amante corazón;
quero cantar en dóce trova
buscando agora a rima nova
en ledas armonías e fonda inspiración.

Hei de cantar á miña terra
sempre vizosa, onde se encerra
do paradiso bíblico a fronda virxinal,
coas suas augas transparentes
nas que as estrelas relucentes
fan de meigas mil xogos sobre o limpo cristal.

Os ameneiros abanean
e nas suas polas s'arrendean
o merlo asubiante y-o ledo verderol,
mentras as froes encantadas
vense nas augas retratadas
sentindo nova vida á lus do craro sol.

Pequenas lanchas navegando
van po-la ria, branqueando
o picudo velame que rompe o limpo azul,
mentras agarda na riveira
do pescador a compañeira
que ve bicar as ondas no ribazo de Pul.

Maino, mainiño en Ganderío
xemen as ondas de cotío
entoando as cantigas de misterioso son,
como si Venus deslumbrara,
espido o corpo, a linfa crara
das augas, no curruncho da eólica masión.

¡Qué terra linda esta de Sada
onde natura entusiasmada
verteu a fermosura con farturenta man!
veigas e sotos e cortiñas,
as rabaleiras y-as campiñas,
d'amor e libertades a todos falarán.

.....

Hei de atoparte mais fermosa,
veiga ridente, terra nosa,
que te levei gardada no mesmo corazón,
cando nas veigas encantadas
as tuas xenxes libertadas
entoen as cantigas d'enxebre redención.

A MORTE DA CAMPANA D'ANLLONS (1)

E unha noite de nadal,
Noite de fondo trebón,
En que o fero vendaval
Fai resoal-o pinal
De Baneira en fero son.

Vendaval que ven da serra
Co'a saravia misturado
Que nube xigante encerra...
O balbor do trono aterra
C'o seu zombar continuado.

Ceiba a campana d'Anllons
Rendeada pol-o vento
Os mais medoñentos sons;
Notas de vellas cancións,
Ecos d'un fondo lamento.

(1) No medio dos estragos que fixo un grande temporal, que houbo nos nosos campos, nos derradeiros días do ano de 1897, cóntase o derribo e esnaquizamento da campana inmortalizada pol-a musa do poeta Eduardo Pondal.

Ora semella queixidos
D'unha yalma esmorecendo,
Ora os desiguás tanxidos
Relembra os ais doridos
Do que a vida vai perdendo.

O campanario abanea
Combatido pol-o vento,
E da campana a cadea
Na parede serpentea
En rápido movemento.

D'un lóstrego acompañada
Zomba unha ráfaga forte,
Oise triste badalada
Da campana... e foi ceibada
No chan, onde atopa a morte.

E cando s'esnaquizou
Foi tan dorido o lamento
Que hastra «Tella» se queixou,
E aquel trebon s'apartou
Do fondo do firmamento

E a lua, que compañeira
Foi da campana doente
En noite mais pracenteira,
Chorou pol-o ves primeira
Bágoas d'un amor ardente.

Do mozo «Bergantiñan»
Morto no chan africano
A yalma baixou ao chan,
E sobre aquela campán
Deu un bico soberano;

E a súa noiva inocente
Dende o ceo, oíndo os sons,
Puxo unha croa esprendente
D'un olido recendente
Sobre «A campana d'Anllons».

Hasta a gallega poesía
Sinteu na lira os tremores
D'unha corda que rompía,
Corda que a yalma fería
Dos célticos trovadores.

.....

Se sobre o chan a tirou
Un furioso vendaval,
Aura de gloria a elevou...
¡Non morreu, poil-a cantou!
O grande bardo Pondal!



O PROGRESO

A ciencia foi pol-os ceos
analizando as estrelas;
baixou ao fondo dos mares,
furgou no centro da terra;
pesou as grandes montanas,
mideu soles e pranetas...

Quixo ser paxaro, e voa;
quixo ser peixe, e bucea;
pol-os aires, sin aramio,
falan xa d'Europa á América;
a música e a palabra
que no vento se perderan,
n-un fonógrafo a recollen
e despois no aire a ceiban.

.....

* * *

Xa n'hai andacios nin pestes,
morreu a virola negra;
¡desbancaron a San Roque
amocando a Santa Eufemia!

Nin con misas nin con rezos,
nin con trasgos, nin con meigas,
hai xa quen queira curare
as nosas probes doenzas.

Tanto os sabios traballaron
que se inzou de xente a terra.
Mais parecéndolles moita
(¡qué mala centella fenda
á tanta sabiduría
que á humanidade esmendrella)
mandáronnos, como escravos,
á morrer n-unha trincheira...

* * *

Cando á forza d'estudiare
un sabio as pestañas queima,
analizando microbios
e buscando na materia
novas leises que rediman,
segun din, nosas doenzas;
cando fala un diplomático
de paz e xusticia eternas;
cando un crego nos bendice
y-un latinorio nos ceiba...
bótome a tembrar, dicindo:
—¡Que Dios compasión nos teña
porque algunha negra fada
vai caer sobre da terra!

O CELTA

Inda vaga de noite entre os chouzales
A soma do esforzado Lartovedo,
Que aló no altivo castro das Mariñas
Morreu loitando pol-os patrios eidos.
Inda na Fragachán, entre os carballos,
Cando nas noites enxordece o vento,
Escóitase potente, airado, forte
Himno de libertá.

Cando era neno
A voz do celta Lartovedo ouvina,
E ela acendeu no fondo do meu peito
O santo amor da patria, que deu forma
Aos meus cativos e esmirrados versos.
—«Non sodes donos d'esquencer—decía—
Esta patria que Eibrón deixou en herdo,
E que Theut, no reparto d'este mundo,
Este chan nos donou. Nada puxeron
Os homes nesta patria. Altos desinios
Son os que fan os pobos, e nos deron

Casta, linguaxe, tradición, espírito
Pra figurar na loita do progreso.
Os que esquecen a patria son traidores
A' lei da natureza, á voz do ceo.
E un sagrado deber para os meus fillos
Defender hasta a morte os nosos eidos.
Por eles eu morrín, e o meu espírito
O non deixálos recibeu por premio.
Un pobo que á outro imita é pobo morto;
Galicia pouco á pouco vai morrendo...
¡Fillos d'Eibrón! ¡A defendel-a terra
Contra o semita igualitario e fero!».



FRAGACHAN

Altivo e forte castro
da terra mariñan,
onde de Lartovedo
dormindo o corpo está;
que fala pol-a noite
n-un enxebre falar,
que soilo os bós e nobres
de cote entenderán...

Queixume vagoroso
do aprexado pinal...

¡eu ben sei o que din os teus queixumes,
castro da Fragachan!

Cando a casta dos celtas,
os netos d'Armentar,
a tua voz escoiten
no dormido serán;
e vendo a terra escrava
deixen o milleiral,
e no cume do castro
se vexa escentilar
a fouce vingadora
xa cansa de segar....

¡teus queixumes serán ben entendidos,
castro da Fragachan!

ADIANTE

Eu atopei o vello patriarca
Canso, acorando na gloriosa vreda,
Que vai ao cume do penedo santo
Onde da liberdade o sol refrexa.

Escurripado o corpo pol-os anos,
C'a brancura da neve nas guedellas,
Inda na frente refrexarse vía
O escentilar divino das ideas.

Era o vate valente, o que levaba
Na lira os sons d'unha canción xa vella,
Escrita nesta fala querendosa
Valente e forte, melosiña e tenra;

Canción que as almas dos gallegos sinter
Cando un pasado de grandeza lembrar,
E ven o patrio lar sempre aldraxado
Baixo o xugo de xentes estranxeiras.

Ao seu rente cheguei, cando os seus labios
A Dios mandaban a oración suprema.
¡Enseñóume o camiño do martirio,
Da liberdade a mais gloriosa vreda!

¡Ditosos os que cheguen á ese cume
Que cobizaba o vello das guedellas,
E nel escoiten a canción enxebre
Que anuncie a libertá da nosa terra!

¡A LOITARI!

(C'O MOTIVO DA REPATRIACIÓN DE CUBA)

Roubáronlle os seus fillos, que famentos
Ao patrio lar retornan,
Sin sangue nas suas veas, e na yalma
Con soidades de grofia.
Outros alí nos maniguales quedan
Vítimas d'unha loita
Qu'acendeu a cobiza d'unhas xentes
Chamadas patriotas.
O fisco y-os laudemios dos seus eidos
Fan fuxir os ilotas
En busca d'outras terras onde atopen
Un codelo de broa...
¿N'hai xusticia pra nós, n'hai esperanza
Nin esta terra é nosa?
¡Un fato de ladrós fan montesía
Das vidas e das honras!
Da morte nas batallas non son dinos,
¡Colgalos n'unha forza!
Fillos dos nobres eidos, celtas fortes,
Espertade, xa é hora
De demostrar ao mundo que non tedes
Sangue africán, líxosa.

De Viriato e Padrón a voz potente
Nas concencias resoa,
Cramando porque os celtas fazañosos
Arrecaden agora
A libertá da patria galiciana,
Que non pode vivir nesta deshonra.
¡Gallegos, á loitar! Os que sucumban
Rexurdirán na gloria!



CURROS ENRÍQUEZ

Cantor do idioma patrio, cantor da terra nosa,
que puxo nos seus versos a estrofa vigorosa
que dos irmans escravos anuncia a redención.....
¡Morreu lonxe da terra, na banda d'outros mares,
c'o pensamento posto nos seus ridentes lares,
saudoso o seu espírito, dorido o corazón!

Morreu o que anunciaba o sol da nova aurora,
que trai para os que sufren a lume benfeitora
na que a xusticia brila e trunfa a libertá;
morreu o fillo ilustre da terra bendecida
â que donou de cote sua inspiración garrida
que n'alma dos ilotas nacer fixo a irmandá.

Hachou nos «Tangaraños» meiciña aos nosos males,
maldixo no «Nouturnio» desigualdás sociais,
cantou no seu «Gaitero» a nosa redención;
abafamentos vellos maldixo a «Iglesia fría»,
y-escarizou sua yarpa na odiosa tiranía
que combateu de cote con todo o corazón.

El foi, el foi un xusto do ben enamorado
foi un rebelde sempre, foi un poeta honrado,
que con valentes ansias amou solo a verdá;

dos novos tempos Cristo, odiou os fariseos,
e mais que os dores propios magoábanlle os alleos,
e mais que a propia vida amou a libertá.

¡Calade! a intolerancia non finque o negro dente
nas obras do poeta, na gloria refulxente,
dicindo que era un home sin Díos nin relixión...
Mentira, si, mentira: que aquela yalma pura
ardeu en fogo patrio que viña dende a altura
e que cantar mandoulle con fonda inspiración...

A veneranda sombra da tenra Rosalía,
que vaga nos espacios do ceo da poesía,
e a musa patriótica do infortunado Añón,
poden decir si a yalma do vate desterrado
estaba ou non acesa no lume sublimado
d'amor pol-os que sofren con redentora unción.

Por eso foi seu numen a libertá quirida;
seu evanxelio amante, a xente perseguida;
o lar onde nacera seu sacrosanto altar...
¡Galicia foi a Virxen á quen rindeu loubores,
iman dos agarimos, amor dos seus amores,
o santo tabernáculo d'eterno lembrar!

¡Calade! Os que non seipan orar neste momento
eu rógolles que amantes poñan seu pensamento
nos mortos mais quiridos con fonda devoción...
¡Que pensen no poeta que mais aló dos mares
morreu co'a yalma posta nos seus ridentes lares,
saudoso o seu espírito, dorido o corazón.

SAN PAYO DE BAÑOBRE

Canta, miña nena, canta
Que San Payo de Bañobre
Cantouche que arrabeou
No ano cincoenta e nove

(Cantar do pobo).

O San Payo de Bañobre
É un santo moi churrusqueiro
Que fai milagres á ducias
Sempre pr'os pètos dos cregos.
Din algunhas malas linguas
(Ao dito dou pouco creto)
Que tén a cara moi dura,
(¡ Vaya que ser! é de freixo)
Pois está amostrando as pernas,
Ben mal talladas por certo,
E por mais que as rapaciñas
Xeitosas d'aquel concello.
Míranos de fite a fite
Non fai ningún movemento
Que indique que s'avergonce
D'atoparse d'aquel xeito.

Tên un ollo algo cerrado
E outro mais da conta aberto,
E segun as malas fadas
(Ai! arrenégote demo!)
Foi que ll'o guiñou un día
A Marica, ama do crego,
Rapaza tan feiticeira
E de tan bon «palramento»,
Que fai tolear a un santo
Inda que seia de freixo.

Pero non son solamentes
Estes seus únicos feitos,
Pois é abogado entendido,
Dos que costan o diñeiro,
De moitas cousas, que agora
Anque queira, non relembro.

Dend'as moas hasta as uñas,
Aos doentes e epiléticos,
E fama que todo o sana
Coma ningun manciñeiro.

¿E d'astronomía? Entende
Mais que Rigueira Monteiro;
Porque s'hai sequía e lle piden
Que chova, cai auga á xerros,
E si chove mais da conta
Pondo de mal modo os eidos,
Por sómentes unha misa
Dá unha sequía dos demos.

Ainda cativos milagres
Son os que xa ditos deixo
Si se comparan con un
Que fixo fai pouco tempo.
Inda que algúns centos d'anos
Leva o San Payo no ceo,
O ano cincoenta e nove
Do século do progreso
Cantou, segun reza a copra
Que posta está no comenzo.
—¿ E cómo cantou?—dirame
Algun mal pensado incrédulo
Que solo quêr comulgar
Con sardiñas e cachelos.
Poil-o non duden, peisanos,
Que o milagre é vos moi certo,
Tan verdá como me chamo
Manöel e son gallego.
O San Payo de Bañobre.
Foi da madeira d'un eixo
De carro, e segun sabedes,
E o sabe calquera neno,
En Galicia «os carros cantan»
Que arrabeian e dan xenio.



AGNUS DEI

Ao mundo veu Xesús pra redimilos,
E finou no picouto do Calvario:
Os seus verbes divinos foron lema
Que decote lembraron os escravos.

Aquela lei, con sangue consagrada,
Non puido dal-o froito cobizado:
Era un arma moi boa para a loita,
E escollérona estonces os tiranos.

¡Inda non se cumpreu a profecía!
Lei civil, garantías e sufraxios
Que protexen aos ricos gobernantes
¡E os probes nos chouzales boqueando!
En cada aldea un xudas por cacique,
En cada chouza un «agnus» aldraxado.

¡Oh Deus! Olla os teus fillos
Qu'esligan en milleiros de calvarios.



¡LÉVAME!

Meiga, meiga que voas
Agachada nas tebras
Que de noite rexurden
Nas tristes carballeiras
Filla d'un lugrumante
E unha vella estadea
Que cando eu era neno
Aos contos vida deran;
Meiga, que me coneces
Pol-as fondas tristezas
Que son da miña vida
Unha acorante hédra...

Lévame tí, á esas rexións da noite
Onde se fan as somas medofrentas

Lévame tí, pois quero
Contemplal-as estrelas
Na quenlle misteriosa
Que envolven as noitebras...

Lévame ti, pois quero
Entre as somas espesas
Sentil-a poesía
Da miña yalma enferma...

¡Lévame tí! con alas
D'immensa volvoreta
Pol-os turbós dos mares,
Pol-os trebós da terra,
Pol-as congostras tristes
Que envolven mouras brétemas
Onde a Compañía busca
As almas compañeiras.

¡Lévame tí, á esas rexiós da noite
Onde se fan as somas medoñentas!

¡Lévame sí! Nas ansias
Da febre que me queima,
O esprito d'unha santa,
A doce imaxe d'ela
Buscar eu quero agora
No mar, no ceo, na terra,
Nas somas d'esas noites,
No escentilar da estrela,
No fondo do meu peito,
Das tumbas entre as tebras...
Por ver se d'ese modo
A estas negruras chega
Do sol unha rayola
Pra a miña yalma enferma...

¡Lévame tí, á esas rexiós da noite
Onde se fan as somas medoñentas!

VELLAS SAUDADES

A Eugenio Carré Aldao

Non queiras, non, sabel-o que s'encerra
No fondo do meu peito...
Son tristuras moi fondas, que gardadas
Fai moito tempo levo.
Non son os acidumes
Dos amores xa mortos d'outros tempos:
¡Son as espiñas feras
D'outro querer, d'outra pasión qu'eu teño!
Pra sanar miñas mágoas
Non atopo meiciña de proveito...
Perdin as esperanzas
E sin elas a vida é che un inferno.

*
* *
*

Un fato de poetas
A miña linda noiva en ledos versos
Faláronlle d'amores
E gabárona todo o que poideron.

Mail-a noiva está escrava
E de lilaina sirve aos estranxeiros,
E para redimla
A seu rente non têm mais que babecos.
¡Galicia, santa terra,
Númen que s'acendeu no pensamento,
Sómente a tua libertá cobizo
A tua redención enxebre espero
Para que entonces fuxan
Do fondo do meu peito
Estas vellas saudades, que gardadas
Fai moito tempo levo!



COLOMBO

*E la vos tem lugar no fin da idade
No templo da suprema eternidade*

Camões.

Para gabal-as gorias do seu nome
Fóra pequena a inspiración d'Homero,
Enteca a rima de Camoens, e debles
As estrofas valentes de Tirteo.

Cantouno o mar coas feras tempestades,
De cotío batendo os hemisferios:
A cencia proclamouno como sabio,
E os sabios o lembraron como xenio.

Seu nome vivirá mentras o mundo,
Xire á rente do sol sobre os seus eixos,
Terá por canto a universal historia
E dous mundos terá por monumento.



Cántiga dos Amigos da Fala:

Na fala gallega vive
A yalma da nosa terra;
A redención de Galicia
Nos seus acentos latexa.
Pobo que o seu verbo esquece
É traidor á natureza;
Como irmans todos falemos
A nobre fala gallega.
Amigos da fala somos,
Y-o amor de Galicia sea,
Xa que de todos é nai,
Quen nos xunte e nos protexa.

A X I Ñ A

Os días xa son mais longos;
Xa brila mais ledo o sol;
Xa s'esperguizan nas almas
As ansias de redención...
Os arvoredos frorecen,
E as silveiras teñen fror...
¡Axiña virán os froitos
Que o novo tempo enxendrou!

REDENCIÓN

¡Qué sola y-esquencida,
Idolatrada terra!
Teus fillos non escoitan
O teu cramor de guerra
D'enxebre redención.
E pasan uns tras d'outros-
Os anos d'agonía
Para o galaico bardo
Que ódia a tiranía
Con todo o corazón.

Como se pouco fose
O mal que ven de fora,
Tua plebe desleigada
Na indiferencia acora
E a libertá non quèr.
E así para que sean
Mais fondos os teus dóres,
Son os teus mesmos fillos-
Verdugos e traidores
Pra quen lles deu o ser.

Dos celtas fazañosos
Pregada está a bandeira:-

¿ Non hai siquera un fillo
Da raza mais guerreira
Que a intente despregar?
Escravos dos chulescos
Semitas e toureiros,
Perderon para sempre
Os pulos dos guerreiros
Para poder loitar.

Galicia amada miña,
Antes que veña a morte
E d'esta miña vida
O deble fio corte,
Eu pido na oración:
Que vexa unha rayola
Nas horas d'agonía,
Que indique ao triste bardo
¡Qué morre a tiranía!
¡Que empeza a redención!!



OBRAS DO MESMO AUTOR:

SOIDADES, verso e prosa en gallego, c'un prólogo de Curros Enríquez. Precio, 4 pesetas.

NOITEBRAS, poesías en gallego. Edición fora de venda.

A PONTE, primeiro drama gallego, en dous actos e tes cuadros. Precio 2 pesetas.

MINIA, drama en un acto, en prosa. Precio 1 peseta.

MAREIRAS, drama en tres actos, en prosa. Precio 2 pesetas.

ESCLAVITŪ, drama en dous actos, en prosa. Precio 2 pesetas.


CONTOS DE ASIEUMEDRE, con dibuxos de F. Cortés. Precio 0'50 pesetas.

O PAZO, comedia en dous actos, en prosa. Precio 1 peseta.

NO PRELO

ESTADEÍÑA, drama en dous actos, en prosa.


CONTOS DE ASIEUMEDRE, segunda edición, con novos contos.



NO PRÓSIMO VOLUME
PUBLICARASE O XOGUETE
CÓMICO

Na casa do Ciruxano

ORIXINAL DE
ROXELIO RIVERO e TELESFORO SESTELO





BODEGAS BILBAINAS

VINOS FINOS DE RIOJA, BLANCOS y TINTOS

Gran Champang "LUMEN"

Cognac "FARO"

Depósito: **Plaza de Lugo, 1**

LA CORUÑA

SIDRA CHAMPAGNE

Vereterra y Cangas

PÍDASE EN TODAS PARTES

Depósito: **Plaza de Lugo, 1**

Eusebio Alvarez



Vende más **BARATO** que
las fábricas. Loza, Porce-
lana, Cristal, Bateria de
Cocina y Artículos para
: : : : Regalos : : : :

San-Nicolás, 6 : : Precio fijo

ALMACÉN DE CURTIDOS

EL MÁS SURTIDO
Y EL QUE MÁS BARATO VENDE